



O Comedor escolar en Galicia

A visión das familias

#AlimentaSuEducación



Título: O comedor escolar en Galicia: a visión das familias

© Educo (2022)

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento sempre que se mencione a fonte e se realice sen fins comerciais.

Dirección de Incidencia e Investigación Social

Coordinación: Clarisa Giamello

Producción: Laia Martínez, Mónica Viqueira, Clarisa Giamello Netquest (realización da enquisa)

Dirección creativa: Elena Martí

Deseño: David León / www.bigonedesign.es

Fotografías: Archivo de Educo

As fotografías utilizadas neste documento son só ilustrativas e en ningún caso se pode inferir que reflictan o contido.

Para máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con: **educos@educos.org**

Agradecimiento a Political Watch, Belen Agüero, Irene Martín e Javier Pérez polo seu apoio na elaboración da enquisa e na análise de datos.



Coa colaboración de:



Contido

Introducción	5
Asistencia ao comedor escolar	6
Asistencia actual	7
Onde hai comedor, quen asiste?	7
Non hai comedor	10
Falta de cobertura	10
Se o comedor fose gratuíto...	12
A barreira económica: impacto do sistema de bolsas e axudas	14
Solicitude de bolsas	14
Outorgamento de bolsas	16
Asistencia ao comedor e asignación de bolsas	17
O valor do comedor escolar	20
Dinámica familiar	23
Benestar da infancia	24
O comedor escolar ten deberes	26
A cuestión da calidade	28
Vivencia dos nenos e das nenas	28
Xornada intensiva ou continua	29
Comidas en familia	29
Conclusións e recomendacións	30



■ Todo o espazo do mediodía, que inclúe o comedor e as actividades educativas e recreativas, garante o dereito á educación, á alimentación e tamén á saúde, ao desenvolvemento, á protección e ao xogo.

Introducción

En Educo entendemos o comedor escolar e o espazo do mediodía como un **enclave dos dereitos** da infancia, do dereito á educación, á alimentación, á protección, ao xogo. Un espazo clave para unha educación en equidade, que compense as condicións de orixe, económicas, demográficas, xeográficas ou de xénero, para que cada neno e nena poida desenvolver as súas habilidades e capacidades nun ambiente de bo trato.

No informe **Comedor escolar universal e gratuito: un obxectivo alcanzable e urxente. Primeira estimación económica para acadar a equidade educativa en España**, presentamos unha análise dos datos oficiais sobre a asistencia ao comedor escolar e a cobertura deste servizo. Cuantificamos o investimento necesario para que o comedor escolar sexa unha realidade para todos os nenos e nenas e tamén o investimento necesario e urxente para ampliar a aquelas familias en situación de vulnerabilidade.

O 49 % do alumnado de educación primaria¹ acode ao comedor escolar en Galicia, segundo os datos estatísticos dispoñibles. Asistencia por riba da media de España, que se sitúa no 44,8 %.

Con todo, o dato de que o 49 % do alumnado de primaria acuda ao comedor escolar deixa unha pregunta de fondo: que pasa cos demais nenos e nenas, o 51 % que non acode? Comen na casa! É a resposta case automática, e si, seguramente, pero, isto ten que ver cunha elección real ou é a consecuencia de non ter opcións?

Se non hai opcións, non hai elección. Comer na casa, é comer en familia ou é comer só ou soa? Cales son as razóns que levan a “elixir”, ou non, o comedor escolar? É a cuestión económica é a maior barreira para ir ao comedor escolar? Perciben as familias o valor do comedor? Que lles preocupa ou queren mellorar do comedor?

Moitas preguntas que nos levaron a elaborar unha enquisa² para **escoitar a voz das familias en Galicia respecto do comedor escolar**³. Neste informe presentamos os resultados desta consulta así como recomendacións que marcan un camiño para unha educación inclusiva e de calidade que integre o espazo do mediodía proporcionando un desenvolvemento integral para todos os nenos e nenas.



Gústame o meu colexio, veño cedo, aprendo e xogo moito... no comedor ensínanme a comer de todo. Antes non me gustaba a ensalada, agora gústame un pouco máis”. Nena de 10 anos, A Coruña.

¹ Dato correspondente a centros de educación primaria de titularidade pública en Galicia.

² Enquisa mediante panel en liña realizada por Netquest Ibérica durante o mes de abril de 2022 a familias con fillos e fillas en educación primaria en centros públicos, a través dunha mostra representativa de Galicia.

³ En www.educo.org pódese consultar o informe a nivel estatal e doutras comunidades autónomas.


Asistencia ao comedor escolar

Debe haber prazas para TODOS os alumnos e alumnas que queiran ir (independentemente do nivel de ingresos)

O 92,1 % das familias está de acordo ou moi de acordo con esta afirmación.

O 75,6 % opta por “totalmente de acordo”, un alto nivel de apoio independentemente da situación socioeconómica da familia e tamén independentemente de que os seus fillos e fillas utilicen ou non o comedor escolar.

Debe haber prazas para TODOS os alumnos/as que queiran ir
(independentemente do nivel de ingresos)



Fonte: Enquisa Educo 2022

As familias coinciden en que o comedor debe ser universal, non obstante, o uso é algo superior á metade do alumnado, polo que nos seguintes apartados analizaremos cales son os factores que producen esta fenda.

8,89 %

das familias úsao ocasionalmente, desde un día á semana ou só de forma ocasional. Durante a pandemia, este uso puntual viuse moi afectado polas dificultades e restricións sanitarias.

37,78 %

das familias declara que os seus fillos e fillas non quedan no comedor.


7,65 %

das familias non dispón de comedor escolar no centro educativo.

Asistencia actual

O 45,68 % das familias con fillos ou fillas de primaria que acoden a centros públicos utilizan o comedor todos os días. Este dato é moi similar aos datos oficiais de asistencia ao comedor, un 49 %, do Ministerio de Educación e Formación Profesional (dato que corresponde ao curso 2019-2020).

O teu fillo ou filla queda no comedor escolar?



Non hai comedor no centro

Non se queda

Si, de forma puntual

Si, todos os días

Fonte: Enquisa Educo 2022

Onde hai comedor, quen asiste?


Se analizamos os datos daqueles que acoden ao comedor co nivel de ingresos das familias, (formulario agrupado en tres tramos de ingresos⁴) mostra que en Galicia as porcentaxes son lixeiramente máis altas nas familias con menores ingresos (o 65 % fai uso diario ou ocasional) que nas familias con maiores ingresos (59,4 %).



Nas familias con ingresos máis altos, a asistencia diaria ao comedor é do **48,58 %**, nas familias con ingresos medios, do **49,23 %**, e nas familias con menores ingresos, do **56,25 %**.

⁴ A partir da clasificación da poboación enquisada en 7 categorías en función dos ingresos elaborada por NetQuest, para facilitar a análise dividíronse en tres macroclases, polo que os ingresos altos inclúen os ingresos superiores a 2 100 € (categorías B, A2 e A1), os ingresos medios corresponden con ingresos entre 1 300 e 1 600 euros (categorías C e D), e ingresos baixos son ingresos inferiores a 1 300 euros (categorías E1 e E2).

Asistencia ao comedor por tramos de ingresos



Fonte: Enquisa Educo 2022 (Elaboración propia)

O uso diario ou puntual do comedor é un recurso empregado por todas as familias, algo inferior no caso das rendas medias.

Será importante analizar o factor económico detrás destes datos e que outros factores poden estar influíndo.

Por outra banda, malia estas lixeiras diferenzas na utilización do comedor escolar, é importante destacar que familias de todos os tramos de renda utilizan o servizo e como veremos máis adiante as valoracións e razóns para a súa utilización son similares.



Os meus compañeiros de mesa son moi divertidos. Engordei un pouco, porque antes só comía o que me gustaba”.

Nena de 8 anos, Santiago de Compostela.




As familias con rendas medias e baixas utilizan menos o comedor.

Non hai comedor

TODAS as escolas de educación primaria deben ter comedor

O 94% das familias está moi de acordo ou de acordo con esta afirmación. A cobertura do servizo en todos os centros educativos non ofrece dúbidas para as familias.

TODAS as escolas de educación primaria deben ter comedor



Fonte: Enquisa Educo 2022

Falta de cobertura

Na enquisa realizada, o 7,65 % das familias declara non poder acudir por non haber comedor escolar no seu centro. Alí onde non se conta co servizo, os alumnas e as alumnas quedan excluídos.

En Galicia, o 17 % dos centros públicos de educación primaria carecen de comedor escolar (113 centros). Os datos oficiais non indican a que

cantidade de alumnado deixa de atender ese 17 % de escolas. Segundo a nosa enquisa, correspondería ao 7,65 % do alumnado, o que parece indicar que esta situación é máis frecuente nos centros educativos pequenos.




É a primeira condición que debe ser emendada polo goberno autonómico: estender o comedor escolar a todos os centros públicos de educación primaria, infantil, educación especial e especialmente a todos os centros públicos de educación secundaria obrigatoria.

Se o comedor fose gratuíto...

O comedor debe ser gratuíto como parte do dereito á educación

O 73,33 % das familias está moi de acordo ou de acordo con esta afirmación. Aínda que as porcentaxes de apoio seguen sendo moi altas, redúcese o número de familias enquisadas que se manifestan totalmente de acordo, e soben as porcentaxes de familias de acordo ou parcialmente de acordo. O 8,4 % afirma que non está “nada de acordo”.

O comedor debe ser gratuíto como parte do dereito á educación.




Fonte: Enquisa Educo 2022

É importante ter en conta que a pregunta se realizou sen unha explicación de como se abordaría ese custo do comedor escolar, o que entendemos que pode estar xerando dúbidas para concordar con esta afirmación. Porén,

o alto grao de concordancia, aínda sen esta contextualización, reforza o convencemento de que o comedor se entende como parte da educación na sociedade actual.

Para as familias, a variable económica ten un peso importante á hora de asistir ao comedor escolar



Fonte: Enquisa Educo 2022

A barreira económica

A principal barreira para acceder ao comedor escolar é a económica. O uso do servizo aumenta decididamente se a economía o permite.

✓ Onde hai comedor

Entre as familias que malia teren comedor no seu centro educativo, non o utilizan (o **37,78 %** do total), o **37,25 %** utilizaríao se fose gratuíto.

✗ Onde non hai comedor

O **52 %** das familias que non dispoñen de comedor no centro declaran que o usarían se houbo e fose gratuíto⁵.

⁵ Estes datos deben tomarse con precaución debido ao pequeno tamaño da mostra.

A barreira económica: impacto do sistema de bolsas e axudas

Algunhas das familias que actualmente utilizan o comedor escolar poden facelo grazas a bolsas e axudas. Trátase dun sistema que ten diferentes requisitos, normativas, coberturas e investimentos nas distintas comunidades autónomas, polo que realizamos esta enquisa cunha mostra representativa de familias de Galicia con fillos e fillas en centros públicos de educación primaria, para entender mellor a situación e poder ofrecer propostas adaptadas.

O prezo do comedor escolar en Galicia fíxase regulamentariamente en 4,50 € diarios, para o curso 2022/2023, prezo que non se incrementou con respecto a anos anteriores. Esta cantidade supón un desembolso por neno ou nena duns 90 euros mensuais, e de 787 euros para todo o curso escolar.

Solicitud de bolsas

Do total de persoas que teñen comedor no seu centro educativo, o 32,1 % solicitou unha bolsa, mentres que o 49,2 % declara non precisala. O 15,5 % das familias enquisadas non a solicitou por descoñecer como facelo e o 3,2% incumpriu o prazo de solicitude. **O 50,8 % das familias manifesta que precisa algún grao de axuda para facer fronte ao custo do comedor.**

En canto ao tipo de bolsa solicitada, o 61 % corresponde a bolsas da Administración autonómica, o 45 % a bolsas do concello e o 2 % a outras administracións públicas (comarcais ou provinciais).

Unha cuestión para destacar é a **elevada porcentaxe que responderon que non solicitaron a bolsa porque non saben como facelo (15,5 %), nas familias con menores ingresos esta porcentaxe elévase ata o 18,75 %**. Unha posible causa podería




A pesar de que o sistema de bolsas leva moitos anos funcionando, sorprende a porcentaxe de familias que non sabe como acceder a elas.

⁶ Acuerdos de 3 de agosto de 2021 y del 19 de julio de 2022, del Consejo de Gobierno, por el que se revisan las cuantías de los precios públicos de los servicios de aula matinal, comedor escolar y actividades extraescolares en los centros docentes públicos de Andalucía establecidos en el apartado A) del Anexo I del Acuerdo de 27 de marzo de 2018, del Consejo de Gobierno, por el que se fija la cuantía de los precios públicos por los servicios complementarios de aula matinal, comedor escolar y actividades extraescolares en los centros docentes públicos y por el servicio de residencia en las residencias escolares de Andalucía.



Entre as familias que contestaron que os seus nenos e nenas non van ao comedor escolar, pero que o farían se fose gratuíto, o **42 % non solicitara unha bolsa porque non sabían como facelo.**

Solicitaches unha bolsa de comedor?



Si

Non, non a necesito

Non, porque non sei como solicitala

Non, pasouseme o prazo

ser unha inadecuada comunicación ou a falta de accesibilidade da información, o que estaría a engadir unha nova barreira e a incrementar a súa vulnerabilidade. A falta de datos históricos imposibilita saber se a dixitalización da solicitude destas axudas incidiu no número de solicitudes.

Súmase tamén un 3,2 % das familias ás que se lles pasou o prazo de presentación.

Estes datos son moi elevados se temos en conta que o sistema de bolsas leva moitos anos en funcionamento.

Fonte: Enquisa Educo 2022

⁷ Este dato debe ser tomado con cautela debido ao reducido tamaño muestral

Outorgamento de bolsas

Segundo os resultados da enquisa realizada, o **70 % das familias que solicitaron a bolsa (o 32,1 % do total) recibíuna**, e máis de dous terzos destas foron bolsas completas (71,4%).

Entre os que non recibiron a bolsa solicitada, un 11 % refírese ao descoñecemento dos motivos da denegación. O 66,6 % explica que supera o nivel máximo de ingresos e o resto (22,4 %) alega que quedou fóra do número de bolsas concedidas ou que quedou fóra por razóns administrativas-

Entre os que quedaron fóra por superaren o baremo de renda, o 40,9% manifestara que o prezo do comedor supuña para eles un importante esforzo económico.

Na enquisa preguntámoslles ás familias que utilizan o comedor, se o prezo actual do comedor supón un problema económico e en que medida. Nos resultados observamos que:

- Das familias que declararon que necesitaban unha axuda económica para poder pagar o comedor e que solicitaron unha bolsa, o 100 % recibíuna.
- **Entre os que declararon que o prezo da cafetaría supón un importante esforzo económico e que solicitaron unha bolsa, o 42,3% recibíuna.** Isto demostranos que o sistema de bolsas e axudas non está chegando a todas as familias que viven en situación de precariedade e que os seus ingresos oscilan arredor do limiar da pobreza.



Pediu bolsa
32,1%

Desta porcentaxe



30%

NON RECIBIU

Desta porcentaxe



**Supera o nivel
máximo de renda**

66,6 %



Non sabe

11 %



**outras razóns
administrativas**

22,4 %



70%

RECIBIU

Desta porcentaxe



Bolsa parcial
28,6 %



Bolsa completa
71,4 %

Asistencia ao comedor e asignación de bolsas

Do total de nenos e nenas que acoden diariamente ao comedor escolar, só o 24,9 % das familias declara que pode pagalo sen problemas.

Para o 3,2 % supón un esforzo económico, pero non solicitaron bolsa. Ao 11,9 % das familias denegáronlle as bolsas, con todo, mándanos igualmente todos os días. E un 17,8 % envíaos, pero non solicitou unha bolsa porque non o sabía ou estaba fóra de prazo. O 30,3 % dos que asisten diariamente ten unha bolsa completa e un 11,9 % unha bolsa parcial.


Se vemos estes mesmos datos, sobre o total do alumnado, segundo a nosa enquisa, só o 45,68 % dos nenos e nenas queda no comedor escolar. O que significa que un 14 % acode diariamente ao comedor cunha bolsa completa, e o 5,5 % faíno

cunha bolsa parcial. En definitiva, **segundo a nosa enquisa ás familias, un 19,5 % recibe algún tipo de bolsa**, cifra superiorá que se desprende dos datos oficiais do curso 2019/2020 (14,8 %), probablemente polas diferentes metodoloxías de obtención e cálculo.

No seguinte gráfico analizamos a situación dos que acoden diariamente ao comedor segundo a enquisa realizada. O impacto das bolsas (19,5 %), aínda sendo superior á media española (11,8 %), non chega a todas as familias que o necesitan.


42% dos que asisten diariamente teñen beca parcial ou completa

Os que van todos os días ao comedor...



Fonte: Enquisa Educo 2022

Os que van todos os días ao comedor...



- Poden pagar sen problema
- Non piden bolsa, pero suponlles un esforzo económico
- Non solicitaron bolsa por non saberen ou por estaren fóra de prazo
- Bolsa completa ou por estaren fóra de prazo
- Bolsa denegada

Fonte: Enquisa Educo 2022



Son o pai de dous nenos e estou só. Eu non podería facer fronte ao comedor se non tivese a bolsa. E sei que os nenos están ben alimentados e danlle moito cariño". Pai de dous fillos de 7 e 9 anos.


A Coruña (reciben unha bolsa de Educo).

O valor do comedor escolar

O comedor debe formar parte da xornada lectiva e estar integrado no proxecto escolar.

O 69,88 % das familias está moi de acordo ou de acordo con esta afirmación. Aínda que as porcentaxes de apoio seguen sendo moi elevadas, o 11,6 % dos enquisados afirma que “non está nada de acordo”.

O comedor debe formar parte da xornada lectiva e estar integrado no proxecto escolar



Fonte: Enquisa Educo 2022

Para explorar o valor que lle dan as familias ao comedor escolar, preguntámoslles as razóns polas que tomaron a decisión de utilizar o comedor escolar. A enquisa presentaba opcións pechadas e estaba permitido escoller dúas delas⁶.


Do total de persoas que acoden ao comedor (diariamente ou puntualmente), o principal

motivo para quedaren (escollido polo 66,06 % dos enquisados) é a conciliación laboral (*teño traballo ou estou buscando traballo*); seguido de ‘no comedor aprenden a comer de todo e de forma saudable’ (cun 57,7 % do total de enquisados). En terceiro lugar, con porcentaxes máis baixas, sinalan evitar ir ao centro, non comer sós e que comparta cos seus compañeiros.

⁶ Incluíuse unha categoría aberta de “outras”, pero non figura nas táboas por ser moi minoritaria, sendo as respostas aclaracións ou ampliacións das outras opcións escollidas, polo que non identificamos novas categorías para destacar.

Para as familias o comedor é un espazo onde os nenos e as nenas comen, aprenden, relaciónanse e facilita a conciliación familiar.

Motivos para quedar no comedor



En comparación coa análise anterior referida aos asistentes ao comedor, entre aquelas que non quedan no comedor, pero que o farían se fose gratuito, a principal razón é que no comedor se aprende a comer de todo e de maneira saudable (cun 90 %) seguida pola conciliación laboral cun 72,5 % e co dispoñer de tempo para os coidados e tarefas do fogar cun 40 %.

Por último, entre os que non teñen comedor escolar actualmente, pero quedarían se o houbese e fose gratuito (tomando este dato con coidado ao termos soamente 16 respostas para esta categoría), a principal razón é que no comedor se aprende a comer de todo e de forma saudable (68,7 %), seguida pola conciliación laboral cun 50 %.

Fonte: Enquisa Educo 2022

**Por cal destes motivos permanece o teu fillo ou filla no comedor escolar?
Elixo as dúas opcións que máis importancia teñan na túa decisión.**

Razóns para quedar no comedor	Quedan actualmente	Quedarían se fose gratuíto	Quedaría se houberse comedor e fose gratuíto
No comedor aprende a comer de todo e de forma saudable.	54,75 %	90,00 %	68,75%
Teño que traballar ou estou buscando traballo.	66,06 %	72,50 %	50,00 %
Para evitar os desprazamentos de ida e volta á escola.	18,10 %	25,00 %	18,75 %
Podo dispor de máis tempo para as tarefas do fogar e os coidados.	14,48 %	40,00 %	37,50 %
Na casa tería que comer sen ningún adulto.	17,19 %	5,00 %	6,25 %
Para que estea co seu grupo de compañeiros/as.	16,29 %	30,00 %	18,75 %
Polas actividades que se fan durante esas horas do mediodía.	8,14 %	22,50 %	0,00 %

Fonte: Enquisa Educo 2022

A decisión de mandar ao comedor, como calquera decisión, tómase por varias razóns, algunhas teñen un maior peso que outras, pero todas suman a favor ou en contra nunha balanza que finalmente se inclina cara a un lado, procurando sempre o maior benestar familiar. Quizais non sexa a situación ideal ou desexada, pero é a mellor cos factores que están a disposición da familia nese momento.

As razóns que as familias declaran que pesaron na decisión de enviar os seus fillos ao comedor podémolas agrupar naquelas que se centran na dinámica e loxística familiar e naquelas que se centran no propio neno e na nena. Evidentemente non son excluíntes, as dinámicas familiares inclúen o neno ou nena e as razóns que se centran no neno ou nena repercuten na familia.

Se as agruparmos deste xeito, vemos que existe unha igualdade entre as respostas de ambos os grupos. O 50,5 % das respostas están relacionadas coa dinámica familiar e o 49,5 % con aspectos centrados no neno ou nena.

Por iso, aínda que **é importante ver as respostas escollidas con máis frecuencia, tamén é importante ver o espectro de motivos e valores que hai detrás do comedor escolar e que son percibidos polas familias.** Algunhas destas razóns, aínda que o seu peso no momento da decisión sexa menor, non deixan de ser consideradas como aspectos do comedor que poden aumentar o valor deste espazo.

Dinámica familiar

O ritmo da vida moderna, a presión do traballo, facer cadrar as actividades de todos os membros da familia, o coidado do fogar e das persoas, así como as necesidades persoais, sitúan ao comedor como un aliado para atopar un equilibrio adecuado.

Teño que traballar ou estou buscando traballo

O traballo é, sen dúbida, unha das variables que máis marca o ritmo e a dinámica familiar. As xornadas laborais, a flexibilidade do horario, etc., fan do comedor escolar unha excelente opción para que os nenos e nenas aproveiten ese tempo para a comida, o descanso e as actividades libres, mentres os adultos da familia traballan. Ademais, para moitas familias supón o acceso a maiores oportunidades de emprego, ao ter menos restricións horarias; por exemplo, empregos no sector da restauración. Así mesmo, impacta nos ingresos familiares.

Para evitar os desprazamentos de ida e volta á escola

A distancia ao centro escolar e os diferentes horarios de saída entre infantil e primaria poden reducir o tempo do mediodía, impondo un percorrido que diminúe o tempo para comer e descansar despois da mañá de estudo. O comedor escolar pode ofrecer ese momento de descanso, de desconexión e de calma.



Este centro educativo ten un horario moi amplo, e cando a nosa filla queda a comer, iso permítenos ir traballar á cidade”.

Fonteculler, A Coruña (reciben bolsa de Educo).

Podo dispor de máis tempo para as tarefas da casa e os coidados

As tarefas de coidado do fogar e das persoas tamén requiren tempo, sobre todo das persoas adultas, e recaen sobre todo nas mulleres. O comedor escolar ofrece un espazo adecuado e estruturado para que os nenos e nenas atopen oportunidades de alimentación, coidado e educación, e tamén para que as familias poidan empregar ese tempo para coidaren das persoas, atendendo os demais membros da familia ou reservándoo para o coidado persoal ou do fogar.

Un 83,3 % das familias que envían os seus fillos e fillas ao comedor elixiron polo menos unha destas respostas. As cuestións laborais son a resposta maioritaria.

Benestar da infancia

Outras respostas céntranse nos nenos e nenas, no seu benestar, tanto pola alimentación, relacións de amizade e compañeirismo, actividades, preferencias, etc.

No comedor aprende a comer de todo e de maneira saudable

As familias valoran o comedor escolar como un espazo onde aprenden a comer novos alimentos e a crearen hábitos alimentarios. Un espazo de alimentación e de educación.

Na casa tería que comer sen ningún adulto

Aínda que é importante que os nenos e nenas sexan autónomos e aprendan a facer as cousas por si mesmos, a hora da comida enténdese como un momento relacional. Non só polos riscos asociados ao cociñar, senón porque se valora comer en compañía, comer con outras persoas. As familias valoran a importancia das relacións, da convivencia e da socialización, por iso buscan evitar que os nenos e nenas coman sós. O comedor é un espazo onde os nenos e nenas comen co seu grupo, cos seus compañeiros e compañeiras. Un espazo protexido onde, acompañados de persoas adultas, poden aprender a resolver conflitos, compartir e desenvolver habilidades para a convivencia e o bo trato.

Para que estea co seu grupo de compañeiros e compañeiras

As familias entenden e valoran o grupo como importante para o desenvolvemento dos nenos e das nenas. Poder compartir o espazo lúdico do comedor fortalece o grupo. Durante a pandemia, os nenos e nenas botaban de menos poderen compartir con outras clases, maiores ou menores, as burbullas para evitar contaxios impedían gozar de grupos heteroxéneos; pero demostraron que os nenos e nenas valoran estes espazos menos estruturados que as aulas. As propostas de actividades, a libre elección segundo os gustos, permite xerar relacións e amizades. Indisolublemente, tamén aparecen os conflitos, os diferentes intereses e é unha oportunidade para fortalecer tamén a resolución de conflitos e a convivencia.

Polas actividades que se fan durante esas horas do mediodía

As familias tamén valoran o comedor escolar polo que ofrece en canto a actividades lúdicas e educativas. Acompañados de monitores e monitoras, propóñense numerosas actividades onde os nenos e nenas poden explorar novos campos e escoller. Descubrir intereses e afeccións e administrar o seu tempo libre. Elixir que facer e con quen, un importante exercicio de autonomía.

Un 81,4 % das familias que envían os seus fillos e fillas ao comedor elixiron polo menos unha destas respostas.

Dentro deste grupo, a resposta maioritaria estivo relacionada coa alimentación e o aprender a comer de todo.

Tendo a posibilidade de elixir máis dunha resposta, o 64,7 % das familias elixiron respostas de ambas as categorías, as centradas na dinámica familiar e as centradas no neno ou nena.



A miña filla está encantada de comer no colexio, ata hai alimentos que lle gustan moito máis no comedor que na casa. Ademais, o trato das coidadoras é moi próximo e cariñoso". Nai dunha nena de 6 anos, A Coruña.

O comedor escolar ten deberes

Aqueles que non o mandan nin mandarían, aínda que fose gratuíto, dan as súas razóns

Un 25,7% das familias non mandan nin mandarían os seus fillos e fillas ao comedor. **É interesante explorar os motivos e reflexións que están detrás desta decisión para valorar se se basean en escollos familiares ou en aspectos negativos do comedor escolar.** Desta exploración, xorden áreas de mellora que o centro escolar e, especialmente, o comedor, deben atender.

A pregunta formulouse do seguinte xeito: Cales son as principais razóns polas que non iría ao comedor escolar (aínda no suposto de que fose gratuíto). Escollen un máximo de tres opcións.

Analizando as respostas de quen dispón de comedor escolar, pero non enviaría os seus fillos aínda que fose gratuíto, as familias dan como motivo a falta de necesidade porque a xornada é intensiva (63,54 %). Seguidas de que comen con alguén da familia (43,75 %) e a posibilidade de controlar mellor o que comen (29,17 %). Tamén mencionan a calidade da comida como unha razón (23,96%)

Estas razóns tamén se poden agrupar en tres categorías macro, aquelas vinculadas á calidade do comedor, as vinculadas á opinión e experiencia dos nenos e nenas e, por outra banda, aquelas vinculadas ás decisións familiares.




Gústame moito a tortilla e xogar cos meus compañeiros despois de comer, antes de subir a clase."

Nena de 5 anos, Santiago de Compostela.

Interesa explorar as razóns e reflexións detrás desta decisión para valorar se se basean en eleccións familiares ou en aspectos negativos do comedor escolar.

Razóns polas que NON quedaría (P6A)



% sobre o total dos que non acudirían ao comedor

Fonte: Enquisa Educo 2022

A cuestión da calidade

O 52,9 % das familias escolle como motivos para non enviar os seus nenos e nenas ao comedor respostas que teñen que ver coa calidade do servizo ou da comida. Con máis detalle, as respostas elixidas dentro desta categoría son:

- A calidade da comida; 23,96 %
- Na casa poden controlar mellor o que come; 29,17 %
- Non me gusta a calidade do servizo (monitores, instalacións, quendas, etc.); 8,33 %
- O meu fillo/a ten restricións alimentarias (alergias, intolerancias, etc.); 3,13 %
- O comedor utiliza comida conxelada; 2,08 %
- Non me dá confianza que cociñen segundo a miña cultura/relixión. 0 %
- Dáme medo polo Covid 6,25 %

As familias están sinalando aspectos do comedor que cômpre mellorar en calidade. Nas nosas programacións e actividades nos centros educativos, as familias dinnos que existe unha falta de comunicación no comedor. Non saben se os seus fillos e fillas comen ben, se comen de todo, se rexeitan algún alimento. Na enquisa, reflíctese iso mesmo na resposta de que as familias querrían ter máis control sobre a alimentación dos seus fillos e das súas fillas.

Unha maior participación das ANPAS e das familias no ámbito do comedor escolar podería ter beneficios en canto á mellora da calidade e da comunicación.

Vivencia dos nenos e das nenas

O 17,7 % das familias expón motivos para non utilizar o comedor escolar dentro desta categoría:

- O meu fillo/a non se sente cómodo e non quere ir; 15,63 %
- Os seus amigos non quedan no comedor; 2,08 %

En Educo cremos que os nenos e nenas teñen que participar nas decisións que lles afectan, como ir ou non ao comedor escolar. Pero é importante que os centros educativos reflexionen sobre como se senten os nenos e nenas neste espazo, lles dean voz para expresaren as súas ideas, necesidades e opinións e que poidan participar en propostas de mellora. **Non parece un bo dato que as familias indiquen que os seus fillos e fillas non se senten cómodos no comedor.**

Segundo a nosa experiencia de traballo nos centros educativos e os programas que desenvolvemos no espazo do mediodía, as razóns deste malestar sinaladas por nenos e nenas son, en maior medida:

- o ruído do comedor é excesivo
- non lles gusta a comida
- a falta de espazos de acougo e tranquilidade,
- pelexas e conflitos que non están debidamente abordados ou resolto

Elixir comer na casa ten que ser unha opción positiva e realmente escollida polo que ofrece e non por rexeitamento ou incomodidade no espazo do comedor.



Xornada intensiva ou continua

En Galicia, a xornada escolar intensiva ou continua é a que predomina. O 94,8 % segundo a nosa enquisa de familias ten esta xornada. En moitos casos, a xornada intensiva ou continuada vai acompañada de actividades pola tarde que, sen seren obrigatorias, teñen un alto valor para as familias, tanto para a conciliación como para ofrecer oportunidades de desenvolvemento aos seus fillos e fillas.

O 63,54 % das familias que non mandan nin mandarían o seu fillo ao comedor sinalan como un dos motivos o feito de ter xornada intensiva.

No conxunto de todas as familias enquisadas, a xornada continua é motivo de non utilización do comedor no 15 %.

Comidas en familia

O 68,85 % das familias que non utilizan o comedor escolar indicaron que os seus nenos e nenas “comen con alguén da familia”, por decisión familiar. As familias que teñen esta posibilidade exércena. **Comen en familia, comen cos avós e coas avoas, comen xuntos.**

Para estas familias, o comedor pode ter un lugar de apoio para momentos puntuais.

Non obstante, **no conxunto de todas as familias con nenos e nenas de primaria en centros públicos, só un 10,4 % optou por esta resposta.**



É unha necesidade. Asegurámonos de que os nosos fillos poidan comer nun espazo seguro e tranquilo e a unha hora coherente. A situación de moitos de nós non nos permite comer cos nosos fillos”. *Nai dunha nena de 6 anos.*

Conclusións e recomendacións

Desde Educo insistimos en que o comedor escolar e o espazo do mediodía son parte do dereito á educación. Educación equitativa significa que todos os nenos e nenas deben ter oportunidade de gozar deste espazo tan valioso e das oportunidades educativas, alimentarias e sociais que ofrece para o seu desenvolvemento e benestar.



A gran barreira para o uso do comedor escolar é económica

As familias valoran o comedor escolar e unha gran maioría considera que debe ser universal, abarcar a todas as escolas e alumnado, estar integrado no proxecto e ser gratuíto.

O 23,13 % das familias úsao ocasionalmente, desde algún día á semana ou só de forma ocasional (case o dobre da media de España, que se sitúa no 12 %).

O 17 % dos centros públicos non dispón de comedor, un total de 113 centros non poden prestar este servizo ao seu alumnado por falta de infraestruturas adecuadas.

O prezo do comedor é a maior barreira para o seu uso. Se fose gratuíto, o 74,33 % das familias enquisadas utilizaríano. Excluindo a cuestión económica, a maioría das familias utilizarían o comedor escolar, polo que a asistencia a este espazo e momento do día na escola duplicaríase.

A cuestión económica, o custo do comedor escolar e as dificultades das familias para faceren fronte a un pagamento recorrente, fai que estas utilicen o comedor escolar menos do que lles gustaría ou necesitarían.

Por iso, desde Educo pedimos que:



se implante progresivamente o comedor escolar universal e gratuíto e se aumente o orzamento nunha primeira fase ata os 47,3 millóns de euros para chegar a toda a infancia da comunidade galega en risco de pobreza e exclusión. Entendendo que o incremento orzamentario sexa máis factible de forma gradual, nunha segunda fase proporiamos aumentar a 75,2 millóns de euros o orzamento das bolsas do comedor para chegar aos 93 831 nenas e nenos que cursan educación primaria.



se amplíe a cobertura do comedor aos 113 centros de infantil e primaria que non contan con este servizo.



se estenda o servizo de comedor á educación secundaria obrigatoria.



Os sistemas de bolsas e axudas ao comedor non chegan a todas as familias que o necesitan.

O 15,5 % das familias galegas consultadas non saben como solicitar a bolsa e o 3,2 % incumpriu o prazo. As políticas de bolsas e axudas non son suficientemente coñecidas, entendidas e accesibles para todas as familias, unha alta porcentaxe non sabe como solicitala.

Segundo as familias, só o 13,9 % do alumnado de primaria recibe unha bolsa (total ou parcial), non obstante, o risco de pobreza e exclusión social chega ao 34 % (Tasa Arope INE 2022)

Como titular de obrigas nos dereitos de toda a cidadanía, a Xunta de Galicia debe considerar o comedor escolar como parte do dereito á educación e, polo tanto, de carácter universal e gratuíto. E iniciar a implantación comezando por incluír nenos e nenas de familias con ingresos máis baixos.

Por iso, desde Educo pedimos que:



se desenvolvan novas estratexias para que todas as familias poidan coñecer os procesos de solicitude de bolsas.



se aumente o investimento en bolsas e axudas para que ningún neno ou nena quede fóra do comedor por motivos económicos.

O comedor debe mellorar a súa calidade e escoitar aos nenos

O comedor é valorado polas familias, que entenden como “educación” todo o período que os nenos e nenas pasan na escola, non só as propias clases. O comedor e as actividades da tarde (obrigatorias ou complementarias) son vividas como valiosas tanto polas familias como polos propios nenos e nenas.

O comedor percíbese como un espazo con garantías, boa alimentación, coidado e bo trato. Incide no benestar da infancia: aprender a comer de todo e a ter hábitos alimentarios saudables, pero tamén comer cos compañeiros e compañeiras e as actividades, ademais de reducir as idas e vindas da escola á casa. É moi importante para as familias como elemento de conciliación da vida laboral e familiar, permitindo tempo para a inserción laboral, o coidado e a atención aos demais membros da familia.

Pero tamén se sinalan aspectos que mellorar ou acompañar con maior atención. A calidade da alimentación, da atención e as actividades, a comunicación coas familias son aspectos que as familias sinalan como factores para non utilizar o comedor. Algunhas familias tamén indican que os seus nenos e nenas non queren ir ou non se senten cómodos no comedor.

Por iso, desde Educo pedimos que:

-  **se inclúa o comedor escolar e o espazo do mediodía no proxecto educativo de centro. Un espazo de educación e protección da infancia.**
-  **se promova a participación infantil, para que os nenos e nenas expresen o que senten e as melloras que precisan para que sexa un espazo valioso para todos.**
-  **se aumente a comunicación coas familias sobre o comedor escolar, vinculando a casa e a escola para desenvolver estilos de vida saudables para a infancia. Incrementar a participación das familias.**
-  **se dote os centros de partidas específicas para melloras das infraestruturas: cociña propia, redución de ruídos, materiais para actividades, etc.**



O comedor paréceme o lugar onde compartirmos os nosos mellores momentos do día. A comida é boa e variada, a cantidade é perfecta. O tempo de espera antes de entrar na clase é divertido, pasamos tempo xuntos e facemos deporte despois de facer a dixestión. Tamén podemos ir á biblioteca onde temos moitos libros”. *Nena de 9 anos, Betanzos.*



Con el apoyo de

